



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
C/ta. de Vigo, 43 Baxo - O Pino  
32001 OURENSE



COMUNICADO Nº 054/20  
16 DE MARZO DE 2020

## A FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO INFORMA:

Estimados afiliados, organizadores, e membros da asemblea:

A raíz do estado de alarma decretado polo Goberno de España, comunicamos que a Federación Galega de Automobilismo continuará prestando servizos coa máxima calidade tendo adoptado as medidas necesarias para que se poida proseguir operando con certa normalidade, seguridade, e para contribuir a preservar en todo momento a saúde dos nosos empregados e afiliados.

Por elo, e dacordo coas recomendacións das autoridades sanitarias, establecemos un protocolo que, pregamos, cumprades de forma estrita:

- 1- Non se pode acceder o local da federación para ser atendido presencialmente, por orde gubernamental.
- 2- Se fora indispensable ser atendido por persoal da federación, pregámoslle chames o teléfono 988-272841 ou te poñas en contacto por enderezo electrónico en [fga@fga.es](mailto:fga@fga.es)
- 3- Asímesmo e necesario que se cumpran escrupulosamente as obrigacións ditas polas autoridades sanitarias.
  - Manteña a distancia mínima de seguridade de alomenos 1 metro.
  - Evite o contacto estreito con outras persoas.

En calquera caso, instamos a que non accedan o interior de locais públicos persoas que:

- Estean afectados/as polo coronavirus COVID-19.
- Presenten síntomas (tose, febre ou dificultades respiratorias) propios dos síntomas do coronavirus.
- Se estivesen en contacto estreito cun afectado polo COVID-19.

Noutro eido lamentamos as molestias ocasionadas e apelamos a responsabilidade para facer un uso adecuado das vías públicas, tendo en conta a situación de emerxencia da saúde pública a que nos temos que enfrentar coa maior prudencia e responsabilidade.

Tan pronto como sea controlada a pandemia, a Federación Galega de Automobilismo, reuniremos os organizadores, dos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo, para reordenar os calendarios deportivos e tentar salvala tempada deportiva 2020.

**COMISION EXECUTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**